ANAYA

Primaria

# APRENDER É CRECER XUNTOS 1

Programación

## Unidade 6

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliables
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

**Título**
Poio

**Descrición da unidade**
Comezamos o novo ano, tras as vacacións de Nadal, cun eixo temático singular. Eliximos un concello galego, neste caso **Poio**, como eixo temático. Imos traballar os contidos gramaticais e léxicos sobre cuestións que teñen que ver co contorno urbano da vila: edificios singulares, organización, persoas que traballan, etc. A unidade remata cunha **Tarefa** sobre o Día Escolar da Non violencia e da Paz que se celebra o 30 de xaneiro.

No que se refire á estrutura da unidade, estudaremos os seres vivos e a localidade; na prte de lingua temos que indicar que, neste trimestre, comeza o traballo específico sobre Gramática, cunha epígrafe específica, **Estudo a lingua**, na que se traballarán ata o terceiro trimestre: o artigo definido e definido e as súas contraccións, a identificación de sílabas e palabras, e o nome.

Tamén se incorpora neste trimestre a epígrafe **Falo e escribo**, que pretende ser unha ferramenta eficaz para iniciar o traballo coa habilidade productiva oral e escrita.

**Temporalización:**

Xaneiro: ☐ ■ ■ ☐

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

**LINGUA**

- Escoitar e comprender un conto de forma oral e poder ler o extracto escrito que se incorpora na páxina inicial da unidade.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formadas coas letras estudadas.
- Escribir con corrección as consoantes que se estudan nesta unidade: *g, gu, b, v*.
- Completar frases e pequenos textos coas letras estudadas.
- Ler con eficacia pequenas frases e textos e responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora.
- Interiorizar, de forma non teórica, o concepto de artigo definido.
- Enriquecer o vocabulario referido aos medios de transporte e o medio urbano.

**CIENCIAS NATURAIS**

. Coñecer a diversidade de seres vivos identificando as súas principais diferenzas.

. Clasificar os seres vivos en animais e plantas, coñecendo as súas principais características.

**CIENCIAS SOCIAIS**

- dentificar os diferentes tipos de localidade: aldea, vila e cidade, así como as súas características principais.
- Obter información concreta sobre a localidade, a través de diferentes fontes.

## 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

### LINGUA

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Lectura.<br>- Conto tradicional: *Poio*<br>- Comprensión da lectura.<br>• As letras*: g, gu, b, v.*<br>• Obradoiro de escritura.<br>• Estudo a lingua.<br>- O artigo definido.<br>• Falo e escribo.<br>- Escritura de frases.<br>• Tarefa.<br>- O Día da Paz. | 1. Escoitar e comprender un texto expositivo. | 1.1. Escoita e comprende un texto expositivo.<br>1.2. Le os extractos de texto da lámina inicial.<br>1.3. Identifica os lugares a partir de imaxes.<br>1.4. Comprende a dinámica de xogos de lingua como a sopa de letras. |
| | 2. Recoñecer auditivamente as consoantes *g, gu, b, v.* | 2.1. Recoñece a consoante e a súa localización na palabra. |
| | 3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras e pequenos textos formadas coas vogais e as consoantes estudadas. | 3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas. |
| | 4. Escribir con corrección palabras e frases formadas coas vogais e as consoantes estudadas. | 4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula.<br>4.2. Escribe correctamente palabras con *b* e *v*.<br>4.3. Recoñece e asimila o uso de *g* e *gu*. |
| | 5. Interioriza, de forma non teórica, o concepto de artigo definido. | 5.1. Recoñece e emprega o artigo definido. |
| | 6. Redactar frases coherentes e con sentido propio. | 6.1. Escribe frases completas a través de distintas actividades: elección de palabras, unión opcións, completado de con pictogramas, ordenación, etc. |
| | 7. Celebrar o Día da Paz con actividades creativas de lingua. | 7.1. Le e comprende o cómic sobre o Día da Paz.<br>7.2. Escoita e aprende a versión locutada do poema.<br>7.3. Comprende o poema e coloréao seguindo un estilo propio. |

## CIENCIAS DA NATUREZA

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Seres vivos e obxectos inertes.<br>• Os seres vivos: as plantas e os animais. Identificación de diferenzas. | 1. Diferenciar entre seres vivos e inertes. | 1.1. Diferencia seres vivos de seres inertes. |
| | 2. Coñecer as características principais dos animais e as plantas, segundo elementos observables | 2.1 Identifica as principais características dos seres vivos.<br>2.2. Establece semellanzas e diferenzas entre os animais e as plantas. |

## CIENCIAS SOCIAIS

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Pertenza á nosa cidade, vila ou aldea, como grupos sociais próximos.<br>• Organización social do contorno próximo.<br>• Recollida de información sobre a localidade a través de diferentes fontes. | 1. Identificar as características principais entre unha aldea, unha vila e unha cidade. | 1.1. Identifica as principais características dunha aldea, dunha vila e dunha cidade. |
| | 2. Coñecer as diferenzas e semellanzas entre unha aldea, unha vila e unha cidade. | 2.1. Coñece as diferenzas e semellanzas entre unha aldea, unha vila e unha cidade. |
| | 3. Comprender a organización social do seu contorno próximo. | 3.1. Identifica as características principais do lugar onde vive. |
| | 4. Participar de forma construtiva en sociedade. | 4.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo. |
| | 5. Obter e expoñer información concreta sobre os contidos a tratar. | 5.1. Busca información concreta sobre a súa aldea, vila ou cidade. |

## 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación proponse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF)

### LINGUA

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Escoita e comprende un texto expositivo. | • Audición do texto expositivo sobre *Poio* da páxina inicial.<br>• Actividades do LD sobre o texto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes. |
| 1.2. Le os extractos de texto da lámina inicial. | • Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial. |
| 1.3. Identifica os lugares a partir de imaxes. | • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para identificar as parroquias do Concello de Poio.<br>• Ampliación de contidos con refrás relacionados con lugares e poema de Rosalía de Castro, *Adios ríos, adios fontes...* |
| 1.4. Comprende a dinámica de xogos de lingua como a sopa de letras. | • Actividade de Intelixencia visual do LA para localizar conceptos relevantes do texto nunha sopa de letras. |
| 2.1. Recoñece a consoante e a súa localización na palabra. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de lectoescritura, xogos, trabalinguas, adiviñas e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD.<br>• Actividades do LD. aprendizaxe das letras.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de lectoescritura, xogos, trabalinguas (*Cinco margafos*...), adiviñas, cantigas (*Se vou a Bueu... Ao pavo, paviño*...) e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |

| | |
|---|---|
| 4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de lectoescritura, poemas *(A bruxa)* e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD.<br>• Actividades do LD. aprendizaxe das letras.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 4.2. Escribe correctamente palabras con *b* e *v*. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 4.3. Recoñece e asimila o uso de *g* e *gu*. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 5.1. Recoñece e emprega o artigo definido. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades da PD. |
| 6.1. Escribe frases completas a través de distintas actividades: elección de palabras, unión de opcións, completado de con pictogramas, ordenación, etc. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades do LD. |
| 7.1. Le e comprende o cómic sobre o Día da Paz. | • Lectura cómic do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades sobre o Día da Paz do LD.<br>• Ampliación de contidos con xogos tradicionais como *Pola rúa abaixo*, na PD |
| 7.2. Escoita e aprende a versión locutada do poema. | • Audición da locución do poema que está no CD e no LD. |
| 7.3. Comprende o poema e coloréao seguindo un estilo propio. | • Resolución da actividade do LA. |

## CIENCIAS DA NATUREZA

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Diferencia seres vivos de seres inertes. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividade de aprendizaxe cooperativa da PD: Tarefa de análise. Práctica de problemas. |

| | |
|---|---|
| | • Actividades do apartado «Investiga» da PD. |
| 2.1. Identifica as principais características dos seres vivos. | • Actividades de observación dos murais e a lámina inicial da unidade.<br>• Selección de actividades do LA.<br>• Actividades de reforzo e ampliación dos RF. |
| 2.2. Establece semellanzas e diferenzas entre os animais e as plantas. | • Actividades de observación dos murais.<br>• Selección de actividades do LA e a PD. |

## CIENCIAS SOCIAIS

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Identifica as principais características dunha aldea, dunha vila e unha cidade. | • Selección de actividades do LA e a PD.<br>• Actividades de reforzo e ampliación dos RF. |
| 2.1. Coñece as diferenzas e semellanzas entre unha alde, unha vila e unha cidade. | • Selección de actividades do LA e a PD.<br>• Actividades de reforzo e ampliación dos RF. |
| 3.1. Identifica as características principais do lugar onde vive. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades da PD. |
| 4.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo. | • Selección de actividades de traballo cooperativo da PD. |
| 5.1. Busca información concreta a súa aldea, vila ou cidade. | • Actividades do apartado «Investiga» da PD. |

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia | Descritor | Desempeño |
|---|---|---|
| *Comunicación lingüística.* | Comprender o sentido dos textos escritos. | Entende frases e textos breves coas letras traballadas. |
| | Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás. | Escribe textos sinxelos ampliando frases para distintas situacións comunicativas. |
| | *Plan lector*: Gozar coa lectura. | Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas... |
| *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* | Manexar a linguaxe matemática con precisión. | Sabe expresar con claridade e precisión datos e informacións. |
| *Competencia dixital.* | Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento. | Realiza as actividades interactivas vinculadas á unidade. |
| *Aprender a aprender.* | Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional. | Participa en actividades de traballo cooperativo: caixa-abecedario, propostas de traballo en grupo, xogos tradicionais, etc. |
| | *Intelixencias múltiples*: Intelixencia visual. | Localiza conceptos e aprende dinámicas de xogos de lingua. |
| *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor* | Comunicar o entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar os obxectivos. | Planifica tarefas de forma autónoma e ten iniciativa na toma de decisións. |
| | Participar nas dinámicas e xogos de grupo. | Aprende xogos tradicionais e practícaos cos compañeiros. |
| *Competencias sociais e cívicas.* | Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais nas situacións de convivencia e traballo. | Coñece as normas de conviencia para a vida na localidade. |
| | *Educación en valores*: A autoestima. | Recoñece de forma obxectiva as virtudes e os defectos que nos caracterizan. Ten seguridade en si mesmo e mantén as opinións. |

| | | |
|---|---|---|
| *Conciencia e expresións culturais.* | Aprender e recoñecer cancións para celebracións e xogos, propios do patrimonio popular galego. | Descubre e xoga coas cantigas e lendas tradicionais.<br>Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega. |

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1: Gozamos coa lectura do texto "Poio"**

- Lemos o texto expositivo «Poio» e observamos as fotografías da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

**Tarefa 2: Aprendemos as letras**

- Coñecemos as consoantes *g, gu, v, b* coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.
- Continuamos a tarefa de aprendizaxe cooperativa para realizar unha caixa-vocabulario.

**Tarefa 3: Coñecemos os seres vivos: animais e plantas.**

- Realizamos actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias, xogos e traballo cooperativo da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

**Tarefa 4: Aprendemos a lingua: O artigo definido**

- Coñecemos o artigo definido como presentador e observamos o seu uso diante do nome; realizamos as actividades do LA seguindo as suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

**Tarefa 5: Coñecemos características das aldeas, vilas e cidades.**

- Observamos o mural *Aldeas, vilas e cidades* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias, xogos e traballo cooperativo da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

**Tarefa 6: Expresámonos oralmente e por escrito: Escritura de frases**

- Realizamos as diferentes actividades do LA para escribir frases con distintas estratexias e expresarse oralmente con coherencia e corrección a partir de contidos dados e próximos ao alumno como é o propio contorno urbano.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

**Tarefa 7: O Día da Paz.**

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: especialmente os xogos tradicionais recollidos nos apartados de Recursos que permiten un traballo de integración dentro do propio grupo e con outros grupos do colexio.
- Realizamos as actividade do LD.

**Tarefa 8: Repaso da unidade**

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento da lectura dos bocadillos que pode ser dramatizada por varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Dramatización de situacións cotiás.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.

## 8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler**, **Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiables da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiables de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiables.

**Recursos dixitais**

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiables.

. Mural da unidade: *Aldeas, vilas e cidades.*

- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
  - *http://anayadigital.es*
  - *http://www.orellapendella.org* Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
  - *http://www.coordinadoraendl.org* Nesta web podemos atopar moitos recursos en lingua galega para desenvolver os contidos do curso cos nosos alumnos e alumnas.
  - *http://galiciaencantada.com* Nesta web podemos atopar abundantes recursos sobre elementos máxicos e seres míticos da cultura tradicional galega.
  - *http://diadelapaz.blogia.com* Nesta web podemos atopar, entre outros recursos, información sobre personaxes relevantes para a celebración do Día da Paz.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiables).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estrateias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?